



CONCELLO DE CASTRO CALDELAS

Rua do Concello, 1 32760 Castro Caldelas (Ourense)

Tfno. 988 203000 988 203305 Fax 988 203481

correo.castrocaldelas@fegamp.gal

BASES PARA SELECCION MEDIANTE CONCURSO DE SEIS TRABALLADORES PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE CASTRO CALDELAS.

Primeira: O obxecto das presentes bases é regular a contratación laboral temporal para obra ou servizo determinado, polo Concello de Castro Caldelas, de seis traballadores para o posto de Auxiliar do servizo de axuda no fogar.

Segunda: Cinco dos contratos serán a xornada completa, distribuída de luns a domingo, incluídos os festivos de 7.00 a 22.30 horas, cos descansos establecidos por lei, segundo as necesidades do servizo, para obra ou servizo determinado polo período comprendido dende a sinatura do contrato (previsión 2 de xaneiro de 2019) e até o 31 de decembro de 2019.

Un contrato será a media xornada, para obra ou servizo determinado, os fins de semana, festivos e días puntuais dentro do horario establecido, segundo as necesidades do servizo, polo período comprendido dende a sinatura do contrato e até o 31 de decembro de 2019.

Os contratos serán financiados parcialmente por transferencias finalistas, de ciclo anual, da Consellería de Política Social e polo programa da Deputación Provincial de asistencia técnica, económica e xurídica aos concellos e mancomunidades en materia de Servizos Sociais Comunitarios.

Terceira: De conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei Estatuto Básico do Empregado Público, para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes e que estean debidamente xustificadas:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo seguinte.
- b) Poseer a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Solo por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- d) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houberse sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Atoparse en posesión do permiso de condución da categoría B como mínimo e dispor de vehículo para o desenvolvemento do servizo.
- f) Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións ou certificados:
 - Título en Técnico de coidados auxiliares de enfermería establecido polo Real Decreto 546/1995, de 7 de abril, ou títulos equivalentes de Técnico de Auxiliar Clínica, Técnico Auxiliar Psiquiatría e Técnico Auxiliar de Enfermería que se establecen no Real Decreto 777/1998, de 30 de abril, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.
 - Título de Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia, regulado polo Real Decreto 1593/2011, de 4 de novembro, ou o título equivalente de Técnico de Atención Sociosanitaria, establecido polo Real Decreto 496/2003, de 2 de maio, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.



CONCELLO DE CASTRO CALDELAS

Rua do Concello, 1 32760 Castro Caldelas (Ourense)

Tfno. 988 203000 988 203305 Fax 988 203481

correo.castrocaldelas@fegamp.gal

- Título de Técnico Superior de Integración Social, establecido polo Real Decreto 1074/2012, de 13 de xullo, ou o título equivalente de Técnico Superior en Integración Social establecido no Real Decreto 2061/1995, de 22 de decembro, para aqueles profesionais que á data de publicación do presente Acordo, se encontren traballando na categoría profesional de asistente persoal ou auxiliar de axuda a domicilio.

- Certificado de Profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, regulado polo [Real Decreto 1379/2008, de 1 de agosto](#), ou no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

- Certificado de Profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas no Domicilio regulado polo [Real Decreto 1379/2008, de 1 de agosto](#), ou o equivalente Certificado de Profesionalidade da ocupación de auxiliar de axuda a domicilio, regulado no Real Decreto 331/1997, de 7 de marzo, ou no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

- Tamén serán admitidas no proceso selectivo as auxiliares de axuda a domicilio que estean en condicións de ser habilitadas excepcional ou provisionalmente de acordo co disposto nos puntos 2º e 3º do apartado b) do Acordo de 19 de outubro de 2017, polo que se modifica parcialmente o Acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia de 27 de novembro de 2008, sobre criterios comúns de acreditación para garantir a calidade dos centros e servizos do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, modificado polo Acordo de 7 de outubro de 2015.

Cuarta: Os interesados poderán presentar as súas solicitudes no prazo de cinco (5) días hábiles no rexistro xeral do concello, ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sendo necesario neste caso comunicar a remisión da documentación vía telegrama ou telefax, que deberá ter entrada no prazo de presentación das solicitudes (nº 988203481). Se o día en que finalice o prazo de presentación de instancias fose inhábil o prazo finalizará o primeiro día hábil seguinte.

O referido prazo computarase a partir do seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no diario La Región e no taboleiro de anuncios do Concello.

As solicitudes axustaranse ao modelo que se inclúe nesta convocatoria como Anexo I.

No caso en que se opte por presentar a solicitude ou calquera outra documentación que se achegue nas distintas fases do procedemento ante unha oficina de Correos, farase en sobre aberto, para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de Correos antes de ser certificada, segundo establecido no artigo 31 do Real decreto 1829/1999, do 3 de decembro, polo que se regula a prestación dos servizos postais.

Xunto coa instancia deberá achegarse a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
- Fotocopia da titulación esixida.
- Declaración xurada de cumprir cos requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como a de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade prevista na lexislación vixente. Anexo II.
- Fotocopia do permiso de conducir en vigor e declaración conforme se dispón de vehículo para utilizalo. Anexo III.
- Relación de méritos que alega e documentación xustificativa de cada un deles.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados ou aportados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias.



CONCELLO DE CASTRO CALDELAS

Rua do Concello, 1 32760 Castro Caldelas (Ourense)

Tfno. 988 203000 988 203305 Fax 988 203481

correo.castrocaldelas@fegamp.gal

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, se o concello precisa dun/ha traballador/a destas características, acudirá a dita bolsa seleccionando ó/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionar ó/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitara o posto, o que suporá pasar ó final da lista, salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que deberá xustificarse aportando a documentación necesaria. A vixencia da presente bolsa de traballo será ata o 31.12.2019.

Quinta: O sistema de selección será o CONCURSO DE MÉRITOS.

Teranse en conta, como méritos que aducirán os solicitantes, os que seguidamente se indican coa seguinte puntuación:

✚ Experiencia profesional (cun máximo de 4 puntos):

- Por ter desempeñado nunha entidade local un posto de traballo igual ó que se oferta: 0'15 puntos/mes.
- Por ter desempeñado en calquera outra administración pública un posto de traballo igual ó que se oferta: 0'10 puntos/mes.
- Por ter desempeñado nunha entidade de carácter privado un posto de traballo igual ó que se oferta: 0,05 puntos/mes.

As actividades que non fosen realizadas a tempo completo, serán valoradas en proporción ó tempo de desenvolvemento das mesmas, en relación coa xornada laboral habitual no sector da actividade.

Os méritos alegados polos aspirantes deberán acreditarse para a súa valoración mediante a presentación da seguinte documentación:

- Modelo oficial de vida laboral.
- Copia de contrato de traballo debidamente rexistrado no INEM ou de certificado de empresa no que se perciba claramente a duración do contrato, traballo desempeñado, categoría e a xornada.

En todo caso dos referidos documentos deberá desprenderse o posto de traballo que desempeñaba o interesado especificando as funcións e tarefas realizadas.

Os méritos valoraranse con referencia á data na que remate o prazo de presentación de instancias e acreditaranse documentalmente na solicitude de participación coa presentación dos orixinais ou fotocopias.

✚ Cursos de formación impartidos ou homologados pola Administración ou Organismo público correspondente que se consideren relevantes para a praza que se opta ou que posúan relación coas funcións a desenrolar, exceptuando xornadas, seminarios, conferencias (3 puntos como máximo):

- Cunha duración de ata 40 horas..... 0'10 puntos cada un.
- Cunha duración de máis de 40 horas ata 100 horas..... 0'40 puntos cada un.
- Cunha duración de máis de 100 horas..... 1 puntos cada un.

Nos documentos acreditativos da realización dos cursos, deberá constar a duración dos mesmos, de non figurar, entenderase que teñen unha duración de ata 40 horas.

Admítense tamén os cursos onde apareza a referencia de Acordos Nacionais de Formación Continua, por estar financiados polo FSE.

Será necesaria documentación acreditativa do contido dos cursos, cando este non se deducise da propia denominación dos cursos.

Non se puntuarán aqueles cursos nos que soamente algún dos módulos que compoñen o curso estea relacionado co posto ó que se pretende optar.



CONCELLO DE CASTRO CALDELAS

Rua do Concello, 1 32760 Castro Caldelas (Ourense)

Tfno. 988 203000 988 203305 Fax 988 203481

correo.castrocaldelas@fegamp.gal

Para a acreditación destes méritos terá que aportarse certificación ou copia do diploma expedido pola entidade organizadora de ter finalizado con aproveitamento o curso; no suposto de que o curso non se rematara por abandonalo por colocación, ou porque aínda se estea impartindo, entón puntuaranse os módulos terminados satisfactoriamente, en función das horas asistidas.

✚ Coñecemento da lingua galega (só se estimará o nivel máis alto acadado):

- Por estar en posesión de titulación acreditativa do Celga 2: 0,25 puntos.
- Por estar en posesión de titulación acreditativa do Celga 3: 0,50 puntos.
- Por estar en posesión de titulación acreditativa do Celga 4 ou superior: 1,00 punto.

En caso de non posuír o CELGA 2 ou certificado ou curso homologado polo órgano competente en materia de política lingüística o aspirante deberá acreditar o coñecemento da lingua galega mediante proba oral que se lle realizará. Esta proba valorarase cun máximo de 0,25 puntos e consistirá en manter un conversa no idioma galego na que o aspirante amose o coñecemento da lingua galega.

✚ Coñecemento do territorio: A puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de 1 punto. Acreditarase mediante certificado de empadramento, cunha antigüidade superior a un ano.

En caso de empate na valoración de méritos terá preferencia o/a candidato/a que obtivera maior puntuación na experiencia profesional e despois na formación profesional. Se aínda así continúa o empate, procederase á realización dun sorteo público para determinar a orde de puntuación.

Sexta: Tribunal cualificador.

Segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público "os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén".

A designación dos membros da Comisión avaliadora farase por resolución da Alcaldía e deberá incluír a designación do Presidente, vogais e secretario.

Os membros da Comisión avaliadora deberán posuír un nivel de titulación igual ou superior ó da praza convocada.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Para a válida constitución e actuación da Comisión avaliadora, requirirase a presenza de alomenos tres membros titulares ou suplentes con dereito a voto e sempre a presenza do Presidente e a do secretario, este último sen voto.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

Sétima.- Procedemento de selección.

Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias, por resolución da Alcaldía aprobarase a lista de admitidos/as e excluídos/as ó procedemento (no que respecta a requisitos obrigatorios para acceder á praza), que se fixará no taboleiro de anuncios do concello, concedéndose un prazo de dous días hábiles para reclamacións ou corrección de erros. Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a ser incluídos na relación de admitidos,



CONCELLO DE CASTRO CALDELAS

Rua do Concello, 1 32760 Castro Caldelas (Ourense)

Tfno. 988 203000 988 203305 Fax 988 203481

correo.castrocaldelas@fegamp.gal

serán considerados definitivamente excluídos. En caso de presentarse reclamacións, estas serán aceptadas ou rexeitadas na mesma resolución pola que se aproba a lista definitiva, que se fará pública do mesmo xeito. Esta última resolución conterá a composición da comisión avaliadora, así como o lugar, data e hora de reunión da mesma para a valoración de méritos aportados.

O tribunal valorará a documentación presentada por cada un dos/as candidatos/as. Para valorar os méritos será necesario que se presenten documentos xustificativos dos mesmos (orixinais ou fotocopias). En ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificadas. Igualmente, se o Concello ten no seu poder documentación relativa á titulación ou formación de determinados candidatos que a presentaron en procesos selectivos anteriores, de conformidade co previsto no artigo 53.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, non terán obriga de presentala, facéndoo constar na súa solicitude de participación.

Oitava.- Nomeamento e formalización do contrato.

Xustificada a documentación sinalada no artigo anterior, soamente procederá a formalización do contrato entre a Sra. Alcaldesa do concello e o/a aspirante seleccionado/a.

O aspirante contratado quedará sometido a un período de proba dun mes.

Ata que se formalice o mesmo, o/a aspirante non terá dereito á percepción económica algunha. O acordo definitivo de contratación que adopte o Alcalde será publicado no taboleiro de anuncios do Concello, para coñecemento de tódolos/as aspirantes, que poderán interpoñer os recursos previstos na lexislación vixente.

Novena: No non previsto nestas Bases ateranse ó disposto na lexislación vixente.

RECURSOS.

As presentes bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

Castro Caldelas, na data da sinatura electrónica.

A alcaldesa.

Sara Inés Vega Núñez.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



CONCELLO DE CASTRO CALDELAS

Rua do Concello, 1 32760 Castro Caldelas (Ourense)

Tfno. 988 203000 988 203305 Fax 988 203481

correo.castrocaldelas@fegamp.gal

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA.

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NA SELECCIÓN MEDIANTE CONCURSO DE MÉRITOS DE SEIS TRABALLADORES PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE CASTRO CALDELAS COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL

DATOS PERSOAIS

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NOME

DNI

TELÉFONO PARTICULAR

TELÉFONO MÓBIL

DOMICILIO ÓS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS

MUNICIPIO E PROVINCIA

CÓDIGO POSTAL

CORREO ELECTRÓNICO

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Castro Caldelas para a contratación laboral temporal (contrato de servizo determinado), de:

- 5 auxiliares de axuda no fogar, a xornada completa

- 1 auxiliar de axuda no fogar, a media xornada, para os fins de semana, festivos e días puntuais dentro do horario establecido

Márquese o/s posto/s ó/s que se pretende optar, podéndose presentar cunha mesma solicitude a ambos.

DECLARO:

- 1) Que coñezo na súa integridade as bases que rexen esta convocatoria.
- 2) Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.
- 3) Que autorizo ó Concello de Castro Caldelas para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

SOLICITO:

Ser admitido na convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondentes.

En Castro Caldelas, a de.....de.....

Asdo:.....

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE CASTRO CALDELAS (OURENSE).



CONCELLO DE CASTRO CALDELAS

Rua do Concello, 1 32760 Castro Caldelas (Ourense)

Tfno. 988 203000 988 203305 Fax 988 203481

correo.castrocaldelas@fegamp.gal

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/a..... provisto/a de DNI
nº....., con domicilio na R/.....
nº..... piso..... C.P.....
Localidade.....Municipio.....Provincia.....
.....Teléfono.....

DECLARO:

Que reúno os requisitos necesarios para contratar coas administracións públicas, que non estou incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente, que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatuarios das Comunidades Autónomas, e que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer función similares ás que desempeñaban no caso do personal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

En Castro Caldelas, a de.....de.....

Asdo:.....



CONCELLO DE CASTRO CALDELAS

Rua do Concello, 1 32760 Castro Caldelas (Ourense)

Tfno. 988 203000 988 203305 Fax 988 203481

correo.castrocaldelas@fegamp.gal

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/^a..... provisto/a de DNI
n^o....., con domicilio na R/.....
n^o..... piso..... C.P.....
Localidade,.....Municipio.....Provincia.....
.....Teléfono.....

DECLARO:

Que estou en posesión do carné de conducir en vigor, tipo B, e dispoño de coche para poder utilizalo.

En Castro Caldelas, a de.....de.....

Asdo.:.....

